

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PROXECTOS EUROPEOS, MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA, ADMINISTRATIVA E AXENDA DIXITAL

En Pontevedra, no Pazo Provincial, sendo as dez horas e dezaioito minutos do día dezaseis de febreiro do ano dous mil vinte e catro, asistiron os sres./as. deputados/as seguintes:

Dona María Pilar Ramallo Vázquez
Don Roberto José Álvarez Carrero
Dona Marta Fernández-Tapias Núñez
Don Rafael Domínguez Artime
Don Jorge Cubela López
Don José Carlos López Campos
Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
Dona María Nava Castro Domínguez
Don Jesús Vázquez Almuiña
Don Carlos Gómez Prado
Dona Digna Rosa Rivas Gómez
Don Gregorio Luis Agís Gómez
Dona Nuria Rodríguez Rodríguez
Don Gorka Gómez Díaz
Dona Beatriz Lomba Rodríguez
Dona María Ortega Iñarrea
Dona Ana Laura Iglesias González, incorporada á sesión por vacante

Actuou como presidenta da Comisión Informativa Dona María Pilar Ramallo Vázquez, actuando como secretario Don Luis Feijoo García.

Aberta a sesión pola Sra. presidenta, pásase ao estudo da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1. Aprobación do borrador da acta da reunión ordinaria do 19 de xaneiro de 2024 (Exp. n. 2023057882).

Por unanimidade dos asistentes apróbase a acta da anterior sesión, ordinaria, do día dezanove de xaneiro de dous mil vinte e catro.

2. Dar conta da aprobación, nas sesións ordinarias da Xunta de Goberno celebradas os días 2 e 9 de febreiro de 2024, da ampliación da vixencia, ata o 21



de febreiro de 2026, do Convenio de colaboración para o subministro dunha solución de Padrón Municipal de habitantes nos concellos de: Concello de Arbo, Concello de Campo Lameiro, Concello de Tomiño, Concello de Vila de Cruces, Concello de O Porriño, Concello de Silleda, Concello de As Neves, Concello de Moraña, Concello de Meaño, Concello de A Lama, Concello de Lalín, Concello de Cuntis, Concello de Bueu, Concello de Sanxenxo, Concello de Baiona, Concello de Vilaboa, Concello de Oia, Concello de Ponte Caldelas, Concello de Moaña, Concello de A Cañiza, Concello da Estrada, Concello de Crecente, Concello de Valga, Concello de Pontearreas, Concello de O Rosal, Concello de O Grove, Concello de Covelo, Concello de Tui, Concello de Mondariz, Concello de A Guarda, Concello de Agolada, Concello de Portas, Concello de Mondariz-Balneario, Concello de Barro, Concello de Forcarei, Concello de Gondomar e Concello de Cangas. **(Expte. 2024001229)**.

A Comisión informativa queda enterada desde punto.

3. Dar conta da aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Nigrán para a execución do proxecto servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos. **(Expte. 2021066011)**.

A Comisión informativa queda enterada tamén desde punto.

4. Dar conta da aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Poio, para a implantación do proxecto "Servizo de asistencia en materia de protección de datos para as entidades locais da provincia". **(Expte. 2024003366)**.

A Comisión informativa queda enterada desde punto.

5. Dar conta da aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Poio para a súa adhesión ao Acordo marco para a contratación dun sistema de impresión e dixitalización. **(Expte. 2022017033)**.

A Comisión informativa queda enterada tamén desde punto.

6. Dar conta do inicio das mesas taller territoriais do proceso de participación cidadá da Axenda Urbana e Rural da provincia de Pontevedra (AUPO2030). **(Expte. 2022066946)**.

A Comisión informativa queda enterada desde punto.

7. **Rogos e preguntas.**

Non se formularon.



E non habendo máis asuntos que tratar, a presidencia da por finalizada a reunión, sendo as dez horas e vinte, do que, como secretario, dou fe.

O SECRETARIO

Vº. e PR. A PRESIDENTA

